CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Analiza criticamente e expón solucións razoables sobre as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida en España,e ten en conta o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos.		
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Recoñece a necesidade de preservar o medio ambiente, é consciente dos impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propón actuacións de mellora.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Sabe describir fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico criticamente e diagnostica problemas e solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Argumenta con fundamento cuestións sobre modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Entende axeitadamente a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos e as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Coñece as causas dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa e sabe analizar os factores de localización das actividades económicas e da poboación.		
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Entende axeitadamente a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos e as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas en relación cos procesos produtivos.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Sabe debater con respecto e compromiso sobre os retos naturais e sociais de España.	TI	10
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Valora axeitadamente todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade e a complexidade do medio natural e das actividades humanas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do estado do benestar. - Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o

Contidos

- principio de sostibilidade.
- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.
- Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insostibles de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
14	España en Europa e no mundo.	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Emprega axeitadamente a escala apropiada para localizar ou representar calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análise.,	PE	90
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Sabe crear produtos propios con fins explicativos, e aplica eficientemente as TIC.		
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Analiza criticamente e expón solucións razoables sobre as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida en España, e ten en conta o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos.		
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Recoñece a necesidade de preservar o medio ambiente, é consciente dos impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propón actuacións de mellora.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Sabe describir fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico criticamente e diagnosticando problemas e solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Argumenta con fundamento cuestións sobre modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Sabe debater con respecto e compromiso sobre os retos naturais e sociais de España.		
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Valora axeitadamente todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidadee a complexidade do medio natural e das actividades humanas.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Entende axeitadamente a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos e as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Coñece as causas dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa e sabe analizar os factores de localización das actividades económicas e da poboación.		
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Valora axeitadamente todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidadee a complexidade do medio natural e das actividades humanas.	TI	10
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Coñece as causas dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa e sabe analizar os factores de localización das actividades económicas e da poboación. Sabe propor solucións sostibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. - España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial. - España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. - Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do estado do benestar.

Contidos

- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.
- A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.
- Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc.
- Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sostibilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc.
- Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.
- A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso dunha metodoloxía personalizada para aproveitar o escaso número de alumnas/-as na aula, e adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de Galicia, de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado.

O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico que lle proporcione ao alumnado información de diferentes fontes que permitan elaborar un discurso que fomente a igualdade e a sostibilidade, requisitos que caracterizan as ciencias sociais.

O uso de estratexias nas que o alumnado exercite tanto procesos instrumentais como actitudes para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica, baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio natural no contexto actual de cambios e incertezas.

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade.

O desenvolvemento no alumnado de fundamentos propios a través dun enfoque interdisciplinario, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia coa presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan aspectos tanto visuais como verbais.

Analizar problemas sociais e ambientais relevantes, que faciliten assimilar os conceptos teóricos por parte do alumnado e que lle permita unha comprensión xusta e igualitaria do mundo no que vive.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escritura, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Fomento do traballo grupal, fomentando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

Saídas didácticas e elaboración de traballos de campo como medio de achegamento directo á realidade xeográfica.

Impulsar o uso das TIC como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a

potencialidade dos dispositivos móbiles, webs e un uso crítico das diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Utilizarase como base de traballo e explicación o libro de texto da Editorial Vicens Vives (GEO, de A. MAS, D. BOSCH, C. GARCÍA e N. GOZÁLEZ-MONFORT, ISBN 978-84-682-3583-7). Admítese tamén o texto en galego da mesma editorial.
- Ademáis, recurrirase ó material adaptado na Aula Virtual do centro para a materia. Neta mesma aula, entregaránse os traballos, exercicios e outras producións do alumnado.
- Recurrirase á todos os materiais dispoñibles a través da rede, especialmente, á hora de conectar a materia coa realidade do entorno e a actualidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

É importante facer unha proba que avalíe os contidos que se teñan da materia (o alumnado non estudou moitos dos contidos na ESO) e a metodoloxía e instrumentos de avaliación que a o longo do curso se atopara o alumnado: test, cuestións breves, comentarios de documentos, mapas e gráficas.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

Terase especial atención na detección do alumnado con necesidades específicas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	8	8	8	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	2	100
Proba escrita	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10

Crterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establece o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do noventa por cento.

En canto as táboas de indicadores (tratamento de textos, datos, gráficas e mapas traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates) pondéranse un dez por cento cada unidade.

Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 9. No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica. daráselle o valor de conxunto do 10%, equivalente a 1 punto a sumar ós obtidos na proba escrita (9+1=10).

Os aspectos que se terán en conta á hora de avaliar ao alumnado son os seguintes:

1. Traballo individual. Terase en conta a capacidade de relación e análise dos problemas e conceptos, da Xeografía. Tamén se terá en conta a utilización axeitada do vocabulario específico da materia.
2. Funcionamento do alumnado tanto na aula coma a través dos medios telemáticos, prestando especial atención á actitude participativa e á valoración crítica de cada alumno/a, así como a realización das tarefas que se indiquen en cada período lectivo. As entregas de traballo faranse, sempre que se indique, na Aula Virtual.
3. A realización de exames como instrumento de avaliación básico e fundamental.

Nas probas o alumnado deberá amosar ademais o dominio dos criterios de cualificación da materia e dos contidos mínimos da mesma.

Características dos exames ou probas a realizar durante o curso:

- Cada proba constará do comentario dun documento, gráfico ou mapa, e a definición de 4 termos xeográficos, así como do desenvolvemento dun tema. Ponderarán o 90 % do total da nota da avaliación. E a súa cualificación será:

Comentario: 3 puntos.

Vocabulario histórico: 2 puntos (0,5 cada definición correcta)

Tema: 4 puntos.

A media das notas dos exames suporá o 90% da nota de cada avaliación e da avaliación final de xuño da materia. Serán o instrumento de avaliación básico e principal da materia.

Procurarase facer, como mínimo, dúas probas ou exames por avaliación.

As explicacións seguirán unha orde, podendo entrar na proba todos os conceptos dos Bloques vistos con anterioridade, se ben o comentario versará unicamente sobre os bloques explicados durante o período a avaliar.

Os exames a realizar, formularanse cunha soa opción a desenvolver obrigatoriamente.

Nos criterios xerais de valoración das probas de xeito transversal terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, a exposición ordenada de argumentos e o manexo correcto do vocabulario específico da materia (as calidades formais das respostas do alumnado: claridade expositiva, capacidade crítica, rigor conceptual, e, en xeral, a madurez intelectual que o exame debe deixar translucir, polo que se poden penalizar as incorreccións na expresión escrita, ben gramaticais e ortográficas ben conceptuais e léxicas).

Cando un alumno/a non se presente a un exame escrito terá que presentar un xustificante oficial que acredite a causa da súa falta de asistencia, segundo o regulamento do centro. Se dita falta está xustificada avaliarase sen ter en conta esa parte ata que, seguindo o sistema de recuperación establecido poda facer a proba correspondente, cuxo resultado computará na avaliación dese momento.

No caso de detectar que un alumno/a está a facer un exame fraudulento (copia, apuntes, substitución de follas, coñecer previamente as preguntas...), será amoestado/a no momento, retirándose o exame, que se cualificará cun 0 e terá que acudir directamente á proba de recuperación da avaliación, da proba final ou extraordinaria.

Os prazos de entrega dos traballos serán fixados e serán inamovibles, se algún alumno/a entrega máis tarde do prazo, o traballo non será cualificado e contará 0 no cómputo total da avaliación. Serán tidas en conta circunstancias especiais, sempre e cando estean motivadas e debidamente xustificadas.

Se un alumno/a non pode realizar algunha proba escrita antes do peche da avaliación, levará a nota dacordo coas cualificacións das que dispoña o docente, tendo en conta que poderá cambiar (no cómputo total do curso) en canto o

alumno/a realice a proba pertinente.

A cualificación final de cada avaliación será a suma de:

- Probas escritas: 90% da cualificación.
- Observación na aula, tarefas e traballos individuais e/ou colectivos (en grupo): 10% da cualificación.

A avaliación considerarase aprobada cando o alumno acade unha cualificación de 5. Os decimais iguais ou menores a medio punto redondearase a enteiro inferior. Os decimais superiores a medio punto redondearase a enteiro superior. Non se contemplan recuperacións de exames illados durante a avaliación.

Cualificación final ordinaria:

A cualificación final calcularase facendo a media ponderada (segundo o número de Unidades e o seu peso relativo) das cualificacións das tres avaliacións tendo en conta as notas das recuperacións se é o caso.

A proba final terán que presentarse aqueles alumnos que non acaden unha nota media final de 5 puntos. O exame será sobre os contidos e criterios de cualificación de toda a avaliación independentemente dos exames aprobados. O criterio a seguir será o seguinte:

Os alumnos coa media do curso suspensa, realizarán un exame sobre os contidos e criterios de cualificación de toda esa avaliación independentemente dos exames aprobados. O exame valorase sobre 10 puntos. En cada pregunta indícarase a puntuación correspondente.

Ó alumnado con necesidades educativas especiais realizaráselle un exame escrito ou oral seguindo as pautas indicadas polo Departamento de Orientación. Se é o caso, de xeito individualizado.

Criterios de recuperación:

En canto aos criterios de recuperación determínase un 90% para as probas escritas ao que se lle aplicará, en consecuencia, e sumará o 10% dos outros indicadores xa valorados nas diferentes avaliacións. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo docente para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse sobre nove figurando o seu valor en cada pregunta. Sumarase na nota a cualificación dos traballos correspondentes. A nota final obterase facendo unha medias ponderada segundo os pesos correspondentes ás diferentes Unidades didácticas que entran en cada proba avaliada.

Se o alumnado ten cualificadas negativamente a media das probas de avaliación, realizará ao final de curso unha proba global que incluíra toda a materia do curso, aplicándolle os mesmos criterios de recuperación xa aplicados en cada trimestre. Esta proba escrita cualificarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada alumno. Aplicaranse os protocolos de TDA/TDHA nos casos indicados por Orientación.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X			X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores				X	X	X	X	
ET.7 - Igualdade de xénero						X	X	X
ET.8 - Creatividade	X				X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X	X			X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores			X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X				
ET.8 - Creatividade				X		X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cecebre e o seu entorno	Visita ao embalse de Cecebre (COAWA).		X	
Charla: Ríos, encoros, enerxía e descarbonización	Do programa "A Ponte", da USC.	X	X	
Charla: "Economía azul para zonas costeiras".	Do programa "A Ponte", da USC.	X	X	
Saída urbana: A Coruña	Morfoloxía e crecemento da cidade.	X	X	
Charlas e obradoiros no Instituto. Actividades complementarias que poideran xurdir	Actividades complementarias que poideran xurdir durante o curso.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas. Estas actividades ampliaráanse, de ser posible, segundo a oferta que vaia aparecendo ó longo do curso.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

-Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.

-Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.

-Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

En concreto, solicitouse unha visita guiada ó ao embalse de Cecebre (COAWA).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica, ensina e avalía
Avalía según os criterios de avaliación da programación
Revisa a realización das tarefas
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

Metodoloxía empregada
Demostra o coñecemento da materia
Emprega unha grande variedade de recursos
Atende e resolve as dúbidas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A práctica docente é coherente
Medidas de atención á diversidade
Realiza avaliación inicial
Coñece o alumnado
Ofrece posibilidades de recuperación
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
Clima de traballo na aula
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
O alumnado ten posibilidade de participar na aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participa nas avaliacións
Está en contacto por medios presenciais ou telemáticos con compañeiros e familias

Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizárase por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que imparten as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais.
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.

- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

9. Outros apartados